

## SOBRE NÓS:


Somos un centro público, familiar, aberto á Comunidade Educativa. Ao longo do curso festexamos diferentes actividades nas que se convida ás familias.

Valoramos as actividades ao aire libre e de contacto coa natureza, polo que o noso alumnado desfruta do patio de herba e árbores, da horta escolar e das praias máis próximas.

Realizamos excursións ao teatro, museos e actividades culturais de interese.

Pretendemos unha escola activa, innovadora, onde o alumnado medre en contacto coa natureza nun ambiente de afecto e confianza.

## FORMAMOS PARTE DE:



Plan de mellora das bibliotecas escolares



Plan de fomento de uso do galego



Plan de formación do profesorado sobre:  
"Banco de recursos dixitais para a súa aplicación na aula"

## A Praia



## Patio



## Bibliodunas



## A Horta de Lola

# VIDE COÑECERNOS!!

PREINSCRIPCIÓN PARA O CURSO  
23/24

## ESCOLA EDUCACIÓN INFANTIL "AS DUNAS"

CENTRO PLURILINGÜE ACREDITADO EN EDUCACIÓN INFANTIL

SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA O CURSO 23/24  
DO 1 AO 20 DE MARZO

**COÑÉCENOS E CONSULTA  
AS TÚAS DÚBIDAS  
NO TLF.986.380.120**

**XORNADAS DE PORTAS  
ABERTAS**

**MARTES 28 DE FEBREIRO 2023 ÁS 16:00**  
**MARTES 14 DE MARZO 2023 ÁS 16:00**



Rúa Gondomar nº9  
36340 Panxón-Nigrán  
Teléfono: 986.380.120

e-mail: [eei.dunas.panxon@edu.xunta.gal](mailto:eei.dunas.panxon@edu.xunta.gal)  
Páxina web:  
[www.edu.xunta.gal/centro/eeidunaspanxon](http://www.edu.xunta.gal/centro/eeidunaspanxon)

# SERVIZOS DA ESCOLA

- ESCOLARIZACIÓN DE 3 A 6 ANOS.
- 3 LIÑAS DE TRANSPORTE.
- XORNADA LECTIVA DE 8:45 A 13:45.
- LINGUAS DE APRENDIZAXE: CASTELÁN GALEGO E INGLÉS.
- PROFESORADO ESPECIALISTA EN: EDUCACIÓN INFANTIL, INGLÉS, PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA, AUDICIÓN E LINGUAXE E ORIENTACIÓN.
- PLAN MADRUGA DESDE AS 8:00. POLAS TARDES HAI ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLA A.N.P.A.
- COMEDOR SUBVENCIONADO. COMIDA DE ELABORACIÓN PROPIA EN HORARIO 13:45 A 14:30. TRASLADO EN AUTOBÚS A CARGO DO CENTRO. SERVIZO DE COIDADORA ATA AS 16:00.
- DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN CON PERSOAL ESPECIALIZADO.
- HORTA ESCOLAR ECOLÓXICA.
- PIZARRAS DIXITAIS, TABLETS, CAIXÓNS DE LUZ, ORDENADORES E ROBOTS EN TODAS AS AULAS.
- A NOSA BIBLIOTECA ESCOLAR "BIBLIODUNAS" OFRECE: DINAMINACIÓN LECTORA, CONTACONTOS, OBRADOIROS, SERVIZO DE EMPRÉSTITO, RECANTOS DE: INFORMÁTICA, LIBROS PARA ADULTOS E DE EXPERIMENTACIÓN E CREATIVIDADE.



# COMO TRABALLAMOS

A nosa finalidade é proporcionar unha educación experimental, creativa e vivencial. Pedagoxicamente baseámonos en diversas metodoloxías innovadoras:

- Aprendizaxe Montessori: propiciando materiais, espazos e situacións que favorezan a aprendizaxe autónoma do alumnado, favorecendo os seus propios descubrimentos.
- Matemáticas Manipulativas: fomentando o cálculo mental a través da utilización de materiais e obxectos cotiás.
- Dinámica de Waldorf: dando a mesma importancia tanto aos contidos como aos procesos para chegar.
- Traballamos por Proxectos: proporcionando motivación no alumnado para aprender, desenvolvendo a súa autonomía, reforzando as súas habilidades sociais, promovendo a creatividade, fomentando o traballo cooperativo e atendendo á diversidade.
- Os contos/libros son a ferramenta máis importante e a máis usada no traballo diario das aulas.
- Psicomotricidade no Pavillón Municipal.
- Xogos para fomentar a creatividade e a imaxinación; Minimundos, Arco da Vella, Kapla...